

SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 16 DE XULLO DE 2.010

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e vintecinco minutos do día 16 de xullo de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Luís Varela Pérez, D^a Pilar Méndez Lombao, D. Serafín Vázquez Arias, D^a Sandra Abeledo Sánchez, D. Miguel Ángel López Varela, D. José Manuel Carral Méndez, e, Dona Dulce María Neira Fraga e D. Arcadio Lombao Román, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

D^a Vitoria Fernández Vigo excusa su asistencia.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN DE SECTORIZACIÓN DO POLÍGONO EMPRESARIAL 8º FASE

Iníciase o debate polo sr. Alcalde, que expón a grandes rasgos o proxecto, defendendo a proposta da súa aprobación na conveniencia de facilitar a instalación de empresas e a creación de emprego, máxime en tempos coma os que corren.

O sr. Arcadio está de acordo na conveniencia da instalación de empresas e creación de postos de traballo, pero solicita que se lle aclare se existe o visto bo da Deputación para realizar as actuacións da estrada provincial.

Asemade solicita que se aclare se é certo que as augas pluviais van a recollese nun colector para posteriormente verterse no regato do Cepelo e si se previron as medidas correctoras axeitadas.

Por último, pregunta se o vial previsto no plan que sae da primeira rotonda cara arriba afecta a unha construción dos tempos da segunda guerra mundial que servía aos alemáns para tarefas de comunicacións ou se está previsto protexela. A conveniencia de protexela é clara, xa que é unha testimonia do papel de Galicia nesta guerra.

Pregunta se non existen alegacións ou se existen, se foron contestadas, e qué relevancia ten a discordancia apreciada no informe da Xunta de Galicia previo a aprobación definitiva, e no que consta que o proxecto de planeamento foi aprobado por un Pleno que nunca tivo lugar, e dado que o Pleno unicamente ten competencia para a aprobación definitiva.

O Secretario do Concello informa que este erro ten a consideración de erro material, polo que non ten ningunha transcendencia na aprobación definitiva do proxecto.

Pola súa banda, o sr. Miguel Angel solicita que se lle explique qué calificación ten unha porción de terreo ao que os planos non lle atribúen ningunha clasificación ou uso urbanístico.

Tras sinalala sobor o plano, a Arquitecta municipal informa verbalmente que se trata dunha isleta e, polo tanto, viario público.

Solicita que se informe, asemade, cómo se reparten os custes de conexión e reforzo da rede de abastecemento de auga entre os polígonos afectados.

Por último, solicita aclaración de cómo se vai facer o vial explicitado no informe da Xunta e que debe discorrer polo linde do polígono de Matela II. É dicir: si se vai facer tal e como está grafiado nos planos do proxecto ou se se pretende variar o trazado.

O Alcalde resposta as preguntas plantexadas nos seguintes termos:

Respecto da intervención da Deputación previa a aprobación do Plan, o Concello solicitou tal informe, e en tanto a Deputación non contestou en prazo, enténdese outorgado en sentido favorable. Por outra banda, solicitouse a cesión do vial.

Respecto das augas pluviais, se ben en principio non teñen que implicar ningún tipo de contaminación, na redacción do proxecto figura que se recollen no colector da estrada de Castro e verten no polígono empresarial de A Areeira. As medidas correctoras precisas se detallarán no proxecto de urbanización. Polo que respecta a augas residuais, como é lóxico, evacúanse a depuradora municipal.

No que atinxe ao vial que vai a Montevello, a súa construción prevíase no sector de Matela II. Neste sector unicamente se prevé a súa continuación. No que respecta a instalacións militares as que fixo referencia Arcadio, estas cedéronse pola Administración titular a un particular fai uns 30 anos e non se tivo en conta ao Concello para nada.

Por outra banda, o viario proxectado vai facilitar moitísimo o tráfico da zona, xa que permite conectar Bonxe e os polígonos, a través do polígono de Matela e cun vial perfectamente urbanizado coa estrada autonómica sen necesidade de ir por baixo. Isto axilizará moito o tráfico dos núcleos da zona; Bonxe, Mosteiro, San Félix...

O erro advertido no informe da Xunta non é senón un erro, xa que como xa se dixo antes a competencia para a aprobación provisional é da Alcaldía.

No relativo aos custes da conexión coa rede xeral de abastecemento de auga están valorados no proxecto que aquí se debate, e se imputan a un dos polígonos, mentres que a conexión coa rede de suministro de enerxía eléctrica impútanse ao outro polígono, de xeito que se logra o equilibrio na distribución de beneficios e cargas entre ámbolos dous polígonos.

A condición fixada no informe da Xunta relativo a necesidade de garantir a execución do vial que discorre polo polígono de Matela II é lóxica, xa que con independencia de que o Plan de Sectorización de Matela II se atope aprobado, pode ser que non se desenrole previamente ao que aquí debatimos. Neste caso o Concello debería

requirir aos propietarios de Matela II que o executen ou executalo directamente con cargo a ditos propietarios, xa que en caso contrario a 8º fase quedaría insuficientemente conectado a rede viaria. Estas medidas dependerán do ritmo de urbanización de Matela II.

O sr. Arcadio insiste en que a instalación militar aludida, a pesares de que non se inclúe neste Plan, debe protexerse axeitadamente cando se desenrole o polígono de Matela II.

Se ben están de acordo coa ordenación proposta, non poden aprobar a forma de facer as cousas, xa que como se plantexou en ocasións anteriores, non se pode traer ao Pleno unha proposta de ordenación xa acabada, senón que debe darse participación aos diferentes grupos da Corporación co fin de que poidan aportar as diferentes sensibilidades da poboación municipal, xa que o Alcalde non representa a todo o pobo, senón que esta representación corresponde ao Pleno.

Por iso insiste na necesidade de crear unha comisión de urbanismo, co fin de reforzar a participación democrática nunha materia tan transcendente como é o planeamento urbanístico.

O sr. Varela di que non se contestou se a ordenación proposta vai ser o trazado definitivo.

O sr. Pardo asegura que, loxicamente, se aproba definitivamente é o trazado definitivo.

O sr. Varela solicita que, cando se convoque un pleno que teña un volume de documentación tan elevado se faga con maior antelación, xa que en dous días é imposible examinar con suficiente detalle os antecedentes do asunto.

O sr. Pardo asegura que nas videiras ocasións vaise convocar con maior antelación. Neste caso, se ben o informe chegou antes da celebración do Pleno anterior, non se incorporou a orde do día por vía de urxencia para facilitar, precisamente, o seu exame polos membros da corporación.

Agora ben, a importancia do asunto aconsella non demoralalo ata o próximo Pleno, que sería dentro de dous meses, e incrementar deste xeito o xa dilatado prazo de tramitación destas iniciativas.

No que respecta a comisión de urbanismo, este é un tema de respectar as regras de gobernabilidade democrática dos concellos, fixadas nunha lei aprobada, precisamente, por un Goberno socialista.

A lei non esixe a creación desta comisión, ao igual que non esixe que as competencias da Xunta de Goberno se traten polo Pleno. E a lei non o esixe porque entende que non é preciso esixilo.

O que sucede é que o BNG e o PSOE, cando están no goberno fan unha cousa e cando están na oposición piden a contraria, en función da súa exclusiva conveniencia.

Recorda que os veciños do Concello, maioritariamente, encargaron ao PP o goberno municipal, e non ao BNG ou PSOE. Polo tanto teñen a obriga de cumprir o mandato dos veciños.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aprobación definitiva do Plan de Sectorización do polígono empresarial 8º fase.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada por seis votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, e catro abstencións, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e BNG.

2.- DACIÓN DE CONTA DA CORRECCIÓN DE SOLICITUDE DE SERVICIOS SOCIAIS. PLAN CONCERTADO 2010.

Os srs. Concelleiros se dan por enterados do contido da corrección de solicitude.

3.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS A INSTANCIAS DE PARTE.

O sr. Alcalde expón a proposta de modificación do seguinte teor literal:

“LICENCIAS DE REGULARIZACIÓN DE PARCELAS. Se entende como regularización cuando el número de parcelas es el mismo o menor tras las correspondientes operaciones de segregación y agrupación simultáneas.

Se propone una tasa de 50 € por licencia concedida independientemente del número de parcelas afectadas por la regularización.

LICENCIAS DE SEGREGACIÓN

Se entiende como tal la división de una parcela en dos o más parcelas resultantes. Se propone una tasa de 50 € cuando las parcelas resultantes de la división o segregación son dos y de 50 € más por cada parcela resultante a mayores.

CAMBIO DE TITULARIDAD DE LICENCIAS

Se propone una tasa de 50 €.

PRORROGAS DE LICENCIAS

Se propone una tasa de 50 €.

TASA POR EXPEDICIÓN DE LICENCIAS DE LEGALIZACIÓN

Se establece como base imponible el resultado de aplicar al módulo base que se establece en 420 €/m² de superficie construida que se legaliza los siguientes coeficientes en función del uso principal de la edificación. Se entiende como uso principal el que ocupa al menos el 80% de la superficie a legalizar. En caso de que convivan más de un uso se aplicará a la superficie construida ocupada por cada uso diferente el coeficiente correspondiente a cada uso.

A la base imponible se le aplicará el mismo coeficiente que el previsto en la ordenanza reguladora el ICIO

En caso de que un uso no esté recogido expresamente se aplicará el del uso al que más se asemeje de los incluidos en la siguiente lista:

<i>Usos de la edificación</i>	<i>Coeficiente</i>
<i>Hoteles 5*. Edificios Bancarios</i>	<i>1.60</i>
<i>Laboratorios.....</i>	<i>1.50</i>
<i>Hoteles 4*.....</i>	<i>1,40</i>
<i>Auditorios. Museos. Teatros. Hoteles 5*,Edificios bancarios</i>	<i>1.60</i>
<i>Hospitales. Laboratorios. Iglesias</i>	<i>1.50</i>
<i>Bibliotecas. Facultades y Escuelas Universitarias. Hoteles 4*. Edificios penitenciarios.Terminales Marítima y Aéreas.....</i>	<i>1.40</i>
<i>Clubes sociales. Cines. Balnearios. Hoteles 3*. Salas de fiestas. Discotecas. Colegios con Residencia....</i>	<i>1.30</i>
<i>Locales Bancarios. Consultorios. Residencias 3ª edad. Aparthoteles. Tanatorios. Centros de culto. Mataderos... Vivienda. Hoteles de 2*. Residencias universitarias. Moteles.....</i>	<i>1.10</i>
<i>Residencial VPO. Oficinas. Guarderías. Centros Docentes. Hoteles 1*.Hostales-Residencias. Restaurantes. Estaciones de Autobuses. Salas de Exposiciones. Piscinas cubiertas.....</i>	<i>1.00</i>
<i>Bares. Mercados.....</i>	<i>0.90</i>
<i>Centro Comercial. Pabellones deportivos cubiertos. Vestuarios. Bungalows. Servicios campings.....</i>	<i>0.80</i>
<i>Edificios de aparcamientos. Local comercial. Establecimientos comerciales industria escaparate.....</i>	<i>0.65</i>
<i>Piscinas descubiertas. Cementerios.....</i>	<i>0.50</i>
<i>Locales en planta baja o semisótano sin uso específico. Garajes y Aparcamientos. Estaciones de Servicio.....</i>	<i>0.40</i>
<i>Trasteros. Porches y terrazas abiertas.....</i>	<i>0.35</i>
<i>Almacenes y naves industriales. Instalaciones Deportivas descubiertas. Naves.Granjas. Cobertizos. Depósitos. Graderíos. Panteones (por nicho).....</i>	<i>0.30</i>
<i>Proyectos de Urbanización (adsritos a la edificación). Parcelas campings**.....</i>	<i>0.10</i>
<i>Pistas de tierra y hormigón.....</i>	<i>0.05</i>

TASAS POR LA GESTIÓN URBANÍSTICA EN EL SISTEMA DE COOPERACIÓN

Se aplicarán las mismas tasas aprobadas para la tramitación de documentos de planeamiento a instancias de parte en lo que se refiere a la aprobación de las distintas figuras de planeamiento.

A mayores se cobrará una tasa correspondiente a la gestión municipal que conlleva el sistema de cooperación. La cuota tributaria será la siguiente:

- 3000 € de cuota fija que se incrementará en 20 € por cada parcela de resultado incluida dentro de la unidad reparcelable en concepto de gestión del proyecto de reparcelación*
- El 2% del coste de las obras de urbanización en concepto de gestión de las obras de urbanización.*

Modificación cuotas tributarias expedición de planos:

- Donde dice expedición de copias de planos en formato DIN A1 ou formato de superior tamaño: 5 euros por plano, debería de decir expedición de copias de planos en formato DIN A2 ou formato de superior tamaño: 5 euros por plano en blanco y negro.*
- Expedición de copias de planos en formato DIN A2 ou formato de superior tamaño: 10 euros por plano en color.*
- Encuadernado de proyectos fastener 5 euros.*
- Encuadernado de proyectos carpeta 10 euros”*

A continuación, xustifica a diferencia de trato entre as regularizacións de parcelas, que teñen por obxecto a mellora das condicións de explotación, e as licencias de segregación, que tenden a unha parcelación con fins urbanísticos e manifestan unha determinada capacidade económica.

O cambio de titularidade de licencias e as prórrogas de licencias esixen unha labor de exame de documentación e calificación dos supostos de feito que acarream un custe para o concello que debe ser retribuído, a lo menos, parcialmente.

No que atinxe as construcións en proceso de legalización, debe cobrarse unha taxa co fin de equiparar a carga fiscal daqueles que non solicitaron licencia con aqueles outros que, cumprindo a súa obriga lea, si que a solicitaron e aboaron o ICIO.

Asemade, fíxase unha cuota para gravar os traballos que realiza o concello en beneficio dos propietarios cando o sistema de actuación é o de cooperación. Xa que cando os documentos de reparcelación se realizan polos servizos municipais se está aforrando aos propietarios a contratación dunha consultoría. Por outra banda, cando o

sistema de actuación é un sistema indirecto, o promotor paga o ICIO polas obras de urbanización, sendo inxusto que cando, por conta dos propietarios o fai o concello, éstos non teñan que soportar esta carga tributaria.

Pregunta o sr. Arcadio se con este proxecto existe unha diferenza de tributación con respecto as edificacións amparadas por licencia.

Resposta o sr. Pardo que non, xa que aquí o que se fai é establecer uns módulos obxetivos, dada a dificultade de valorar o custe de reposición dunha edificación xa construída e dado que no proxecto de legalización non se contemplan os prezos de construción.

Pregunta o sr. Arcadio se a taxa por transmisión de licencias tamén se devenga por transmisión de licencias de obras menores.

O sr. Pardo contesta que non é habitual que se transmitan licencias de obras menores, non obstante, pode engadirse ao tenor do texto que unicamente se devenga a taxa na transmisión de licencias para obras maiores.

O sr. Varela di que non é pertinente equiparar aos efectos tributarios as segregacións en solo rústico e en solo urbano ou de núcleo rural. Pon como exemplo as segregacións en solo rústico como consecuencia de particións hereditarias. Neste caso é unha esaxeración. Outra cousa é unha parcelación en solo edificable que permite edificar nas parcelas resultantes.

Por outra parte, o prezo dos planos DIN A2 ou superior é desproporcionado, xa que ven custando 2.80 euros un plano A1 en color e 2,20 un A2, e aquí se pretende cobrar 10 euros.

O sr. Alcalde defende o importe asegurando que se piden poucas copias e cando se piden non se piden 20, senón dous ou tres. Como non é rentable ter unha fotocopiadora especial unicamente para elo, tense que desprazar un funcionario municipal a Lugo, o que leva pouco menos de unha hora entre ir, vir e facer a fotocopia, ao que hai que engadir o quilometraxe.

Polo que atinxe as parcelas, aínda que ese era o espírito da modificación, propón aclarar no texto que o feito imponible da taxa por outorgamento de licencia de segregacións de parcelas non se devengará cando a segregación teña lugar en solo rústico por motivos de herencia. Este suposto se gravará como regularización de parcelas.

Son poucos os casos que se dan de segregación en solo rústico e espera que non se produzan moitos máis, xa que a fragmentación do solo rústico é perxudicial para a produtividade do solo. Agora ben, cando alguén segrega en solo rústico é que non lle vai moi ben, polo que non pode gravarse moito.

Polo tanto, sométese a votación a seguinte proposta de resolución:

“LICENCIAS DE REGULARIZACIÓN DE PARCELAS.

Se entiende como regularización cuando el número de parcelas es el mismo o menor tras las correspondientes operaciones de segregación y agrupación simultáneas.

La cuota tributaria será de 50 € por licencia concedida independientemente del número de parcelas afectadas por la regularización.

LICENCIAS DE SEGREGACIÓN

Se entiende como tal la división de una parcela en dos o más parcelas resultantes. La cuota tributaria será de 50 € cuando las parcelas resultantes de la división o segregación son dos y de 50 € más por cada parcela resultante a mayores.

En los supuestos de segregación de parcelas en suelo rústico con ocasión de particiones hereditarias la cuota tributaria será de 50 € por licencia concedida independientemente del número de parcelas resultantes.

CAMBIO DE TITULARIDAD DE LICENCIAS DE ACTIVIDAD Y OBRA MAYOR

Se fija una cuota tributaria de 50 €.

PRORROGAS DE LICENCIAS

Se fija una tasa de 50 €.

TASA POR EXPEDICIÓN DE LICENCIAS DE LEGALIZACIÓN

Se establece como base imponible el resultado de aplicar al módulo base que se establece en 420 €/m² de superficie construida que se legaliza los siguientes coeficientes en función del uso principal de la edificación. Se entiende como uso principal el que ocupa al menos el 80% de la superficie a legalizar. En caso de que convivan más de un uso se aplicará a la superficie construida ocupada por cada uso diferente el coeficiente correspondiente a cada uso.

A la base imponible se le aplicará el mismo coeficiente que el previsto en la ordenanza reguladora el ICIO.

En caso de que un uso no esté recogido expresamente se aplicará el del uso al que más se asemeje de los incluidos en la siguiente lista:

<i>Usos de la edificación</i>	<i>Coficiente</i>
<i>Hoteles 5*. Edificios Bancarios</i>	<i>1.60</i>
<i>Laboratorios.....</i>	<i>1.50</i>
<i>Hoteles 4*.....</i>	<i>1,40</i>
<i>Auditorios. Museos. Teatros. Hoteles 5*,Edificios bancarios</i>	<i>1.60</i>
<i>Hospitales. Laboratorios. Iglesias</i>	<i>1.50</i>
<i>Bibliotecas. Facultades y Escuelas Universitarias. Hoteles 4*. Edificios penitenciarios.Terminales</i>	
<i>Marítima y Aéreas.....</i>	<i>1.40</i>

<i>Clubes sociales. Cines. Balnearios. Hoteles 3*.</i>	
<i>Salas de fiestas. Discotecas. Colegios con Residencia....</i>	1.30
<i>Locales Bancarios. Consultorios. Residencias 3ª edad.</i>	
<i>Aparthoteles. Tanatorios. Centros de culto. Mataderos...</i>	1.20
<i>Vivienda. Hoteles de 2*. Residencias universitarias.</i>	
<i>Moteles.....</i>	1.10
<i>Residencial VPO. Oficinas. Guarderías. Centros Docentes. Hoteles 1*.Hostales-Residencias.</i>	
<i>Restaurantes. Estaciones de Autobuses. Salas de Exposiciones. Piscinas cubiertas.....</i>	1.00
<i>Bares. Mercados.....</i>	0.90
<i>Centro Comercial. Pabellones deportivos cubiertos.</i>	
<i>Vestuarios. Bungalows. Servicios campings.....</i>	0.80
<i>Edificios de aparcamientos. Local comercial.</i>	
<i>Establecimientos comerciales industria escaparate.....</i>	0.65
<i>Piscinas descubiertas. Cementerios.....</i>	0.50
<i>Locales en planta baja o semisótano sin uso específico.</i>	
<i>Garajes y Aparcamientos. Estaciones de Servicio.....</i>	0.40
<i>Trasteros. Porches y terrazas abiertas.....</i>	0.35
<i>Almacenes y naves industriales. Instalaciones Deportivas descubiertas. Naves.Granjas. Cobertizos.</i>	
<i>Depósitos. Graderíos. Panteones (por nicho).....</i>	0.30
<i>Proyectos de Urbanización (adscritos a la edificación).</i>	
<i>Parcelas campings**.....</i>	0.10
<i>Pistas de tierra y hormigón.....</i>	0.05

TASAS POR LA GESTION URBANÍSTICA EN EL SISTEMA DE COOPERACIÓN

Se aplicarán las mismas tasas aprobadas para la tramitación de documentos de planeamiento a instancias de parte en lo que se refiere a la aprobación de las distintas figuras de planeamiento.

A mayores se cobrará una tasa correspondiente a la gestión municipal que conlleva el sistema de cooperación. La cuota tributaria será la siguiente:

- 3000 € de cuota fija que se incrementará en 20 € por cada parcela de resultado incluida dentro de la unidad reparcelable en concepto de gestión del proyecto de reparcelación*
- El 2% del coste de las obras de urbanización en concepto de gestión de las obras de urbanización.*

Modificación cuotas tributarias expedición de planos:

- Donde dice expedición de copias de planos en formato DIN A1 ou formato de superior tamaño: 5 euros por plano, debe de decir expedición de copias de planos en formato DIN A2 ou formato de superior tamaño: 5 euros por plano en blanco y negro.*

- Expedición de copias de planos en formato DIN A2 ou formato de superior tamaño: 10 euros por plano en color.

- Encuadernado de proyectos fastener 5 euros.

- Encuadernado de proyectos carpeta 10 euros”

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor e dúas abstencións, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE.

E non habendo máis asuntos a tratar levántase a sesión polo sr. Alcalde, sendo as catorce horas e vinte minutos, da que eu, Secretario, estendo a presente acta.

O Secretario

VºBº; O Alcalde

Asdo.: José María Vázquez Pita.

Asdo: José Pardo Lombao.